

# MULHOLLAND DRIVE

David Lynch, 2001

# 788

ESTREA EN NUMAX: 25.01.2025 | V.O.S.E. | +18 | 149 min

Betty Elms (Naomi Watts), unha moza aspirante a actriz, chega a Los Ángeles para converterse en estrela de cine e alóxase no apartamento da súa tía. Alí coñece á enigmática Rita (Laura Harring), unha muller que padece amnesia a causa dun accidente sufrido en Mulholland Drive. As dúas xuntas deciden investigar quen é Rita e como chegou ata alí.

«Obra mestra. Nada é o que parece neste intenso labirinto de paixóns e intrigas»

Pablo G. Taboada, CINEMANÍA



## Pesadelos ao baleiro

Por Jordi Costa

Nun dos puntos de fuga deste labirinto, estruturado segundo unha implacable lóxica onírica, xace un cadáver putrefacto que ao crítico británico Graham Fuller lémbrale ao da actriz Marie Prevost, estrela do cinema silente que, segundo recolle Kenneth Anger en “Hollywood Babilonia”, afogou en bourbon a súa desdicha de posuír un acento que non casaba co seu aspecto romántico e fráxil. *Mulholland Drive* é, do mesmo xeito que *The Day of the Locust* (1975), de John Schlesinger, *Que foi de Baby Jane?* (1962), de Robert Aldrich, *Que lle pasa a Helen?* (1971), de Curtis Harrington, *Barton Fink* (1991), dos Coen, ou as historietas de Kim Deitch –en especial, “Hollywoodland”–, unha aproximación en clave alucinatória a unha fábrica de soños que, en realidade, envasa pesadelos ao baleiro. A película describe un descenso, en espiral, cara a esa manifestación sumamente terrenal do Inferno, disfrazada de espellismo pseudorrelixioso, que chamamos Hollywood.

No seu libro “The Death Of Cinema”, Paolo Cherchi Usai escribe que o cinema é a arte da destrución da imaxe en movemento. Dalgunha maneira, toda película é un frustrado intento de transcendencia: o espellismo dun soño esculpido sobre material perecedeiro. *Mulholland Drive* é, esencialmente, a historia dun soño que podrece, segundo a mesma fatalidade que condena ao Technicolor máis radiante á corrupción do celuloide. Dito isto, pode apuntarse que este último Lynch contén moitas películas posibles, entre o candor dunha investigación policial case en clave Enid Blyton e o horror abstracto que unha criatura onírica parapetada nunha calexa podería gardar nun cubo polisémico. Tamén é un melodrama estremecedor de amores e amizades traizoadas e unha elexía bufa pola integridade acosada. Poñendo en evidencia o carácter acomodaticio dunha narrativa cinematográfica que se conforma con tocar dúas notas dun teclado inesgotable, o filme, no seu indescribible clímax final, rompe concatenacións temporais, identidades, asideiros e percepcións lineais, logrando que todos os elementos da súa sinfonía rimen, que non haxa cabo solto e que, á vez, se abran xanelas de sentido para demostrar, finalmente, que todos os soños, as historias de amor e as ilusións de Hollywood acaban durmindo o soño eterno na cama de Marie Prevost (ou Diane Selwyn).

Publicado en [fotogramas.es](http://fotogramas.es)